



Obxecto:	Solicitud de documentación adicional ao EsIA & PIA
Proxecto:	Parque Eólico Marcofán
Concellos:	Beariz, Boborás e Irixe (Ourense).
Promotor	Marcofán Eólica S.L.
Remitido:	Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Ourense da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Clave:	IN408A 2017/020
Expte.:	03.I.479.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía)

O 26.01.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Ourense da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, polo que se pon a disposición da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, os documentos: *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Marcofán, Junio 2021* e *Proyecto de Interés Autonómico Parque eólico Marcofán*. A este efectos facilítase a ligazón web para descargar a documentación.

De acordo co establecido nos apartados 2 e 3 do artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e nos apartados 1 e 2 do artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 e maio, do patrimonio cultural de Galicia solicítase que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos técnicos de referencia.

Análise da documentación remitida

- Preséntase a valoración ambiental do proxecto do parque eólico Marcofán, que constará de 7 aerogeneradores, de de 5,6 MW de potencia, 119 m de altura de buxa e 162 m de diámetro de rotor e a súa infraestrutura asociada: accesos e vieiros interiores, cimentacións, movementos de terras, instalacións auxiliares, sistema de drenaxe, plataformas de montaxe, gabias de cableado e centro de seccionamento.
- O parque eólico compartirá unha mesma subestación colectora con outros parques da contorna, denominada Subestación Colectora Paraño 400/132/30 kV, que forma parte dun proxecto independente. Para a conexión con esta subestación deséñase un centro de seccionamento independente para o parque eólico. Este CS acada unha planta de 8,08 metros por 2,38 metros máis unha beirarrúa perimetral de 0.80 m de ancho. Nos planos achegados en formato Shp non recollen o emplazamento, a superficie total de ocupación nin as dimensións de dito compoñente do parque.
- Respecto ós accesos e os vieiros interiores contéplase, segundo o texto, unha anchura mínima de 6 metros, necesaria para o paso dos transportes. Aproveitarase, no seu caso, a plataforma dos camiños existentes, efectuándose a oportuna nivelación e ensanche asurado de cunetas etc,... cando o estado actual da pista así o demande, para permitir o paso dos equipos.

Porén a representación cartográfica non aporta o suficiente grao de detalle, non se contemplan axeitadamente os aportes, drenaxes, desmontes, ou zonas de xiro que se precisarán executar. O acceso dende a estrada N-541 non ven correctamente definido. O deseño dos vieiros comeza a uns 200 metros ó sur da estrada nacional e aproximadamente a 100 metros ó sur do límite norte da poligonal.

- Respecto ós vieiros interiores do parque, o arquivo en formato Shp non contempla o detalle das obras (desmontes, rozas, perfilado de cunetas, etc..) que ocupan un trazado que reaproveita e amplía unha pista forestal existente. O trazado desta pista forestal atravesa durante unha distancia aproximada de 480 metros o contorno de protección de varios elementos catalogados do patrimonio cultural (mámoas 1 e 2 da Chancela e petróglifo da Chancela). A traza do vieiro principal do parque, dadas as necesidades de radio de curva,





afectará a terreos inalterados na actualidade. Porén, co nivel de detalle que se aporta na documentación remitida (cartografía en formato Shp, Estudio de Impacto ambiental e Estudio de Impacto do Patrimonio Cultural) non é posible apreciar a superficie afectada nin cuantificar o volume das remocións que se executarán dentro do contorno de protección destes bens do patrimonio cultural.

- Asemade, no anexo adicado ós efectos sinérxicos do parque eólico (anexo L) veñen incluídos os efectos en varios elementos do medio, máis entre os factores avaliados non se inclúe o patrimonio cultural. Polo que se desprende do documento, na envolvente de 5 km existen ou están pendentes de autorizar un total de 67 aeroxeradores e na envolvente de 10 km un total de 271 quilómetros de liñas de evacuación ou a Subestación Colectora Paraño 400/132/30 kV. A suma de efectos da instalación destas infraestruturas poderían causar efectos acumulativos sobre o patrimonio cultural, nomeadamente sobre a necrópole neolítica da Bola e a necrópole da Chancela, así como outros bens localizados na poligonal do parque eólico.

Conclusión e proposta

Á vista do anterior, e de cara a unha correcta avaliación do impacto do parque eólico Marcofán sobre o Patrimonio Cultural, aos efectos da emisión do informe sectorial que corresponde, solicítase a presentación da seguinte documentación en formato compatible con software de Sistemas de Información Xeográfica (SHP, DXF ou similar):

- Cartografía da totalidade das obras en formato Shp, incluídos os detalles construtivos dos vieiros e a zona norte das obras (e os accesos exteriores ao parque).
- Grafado da zona onde se propoñen actuacións sobre os contornos dos elementos arqueolóxicos afectados nunha escala axeitada. Os bens recolleranse na planimetría mediante a dixitalización dun polígono pechado que comprenda como mínimo todas as estruturas arqueolóxicas coñecidas do sitio. O polígono delimitarase un metro ao exterior das últimas estruturas arqueolóxicas visibles, de non haber constancia que o xacemento se estende alén delas. Para maior claridade e poder valorar a superficie da zonas de cautela que van ser alteradas polas obras, a representación gráfica dos contornos de protección subsidiarios dos bens deben aparecer grafados mediante o correspondente buffer dende o límite exterior dos bens.
- Deberase completar o Anexo L coa valoración sobre o patrimonio cultural. Na planimetría que se achegue deberá figurar un plano específico das infraestruturas que se analizan (debidamente identificadas) e os elementos do patrimonio cultural.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Ourense da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

